



## Concello de Barbadás Concellería de Educación

### **BASES REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO DA AULA DE REFORZO DE INGLÉS PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO CURSO 2021/2022**

#### **Artigo 1. Ámbito de aplicación**

O ámbito de aplicación é o Concello de Barbadás.

#### **Artigo 2. Concepto**

A Aula de Reforzo de Inglés para Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato é unha medida educativa dirixida a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias na materia de lingua inglesa, recoñecendo e reforzando a singularidade de cada alumno/a.

Será xestionado directamente polo Concello de Barbadás a través da Concellería de Educación.

#### **Artigo 3. Destinatarios**

Calquera alumno/a matriculado/a durante o presente curso escolar, 2021/2022, en Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O) ou Bacharelato que se atope empadroad/a no Concello de Barbadás, agás causas excepcionais debidamente xustificadas.

#### **Artigo 4. Número de prazas ofertadas**

Será preciso un número mínimo de 8 alumnos/as por clase para que se desenvolva a actividade.

O número máximo será de 12 alumnos/as por clase.

As prazas ofertadas quedarán condicionadas as disposicións aplicables que a administración autonómica e estatal dispoñan con motivo da incidencia do COVID-19.

#### **Artigo 5. Criterios de selección**

A orde de selección será por rigorosa orde de entrega da solicitude a excepción das solicitudes que veñan acompañadas de informe do servizo de orientación do centro docente ou informe social, que terán preferencia.

No caso de que o número de solicitudes sexa maior que o de prazas ofertadas, os/as solicitantes pasarán a formar parte da lista de espera.

As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido nas presentes bases, estarán suxeitas á existencia de prazas libres, pasando á lista de espera por orde de entrada en caso de non existir prazas, coa excepción daquelas que acompañen informe do servizo de orientación do centro docente ou informe





## Concello de Barbadás Concellería de Educación

social que terán preferencia.

### Artigo 6. Procedemento de matrícula

1. O prazo para formalizar a pre-inscrición será dende o 13 ao 20 de outubro de 2021.

Unha vez finalizado o prazo, o día 22 de outubro de 2021 publicaranse as listas provisionais de admitidos e de espera.

2. Os/as alumnos/as seleccionados/as disporán dende o día 22 de outubro ata o 28 de outubro de 2021 para facer efectivo o pago do importe, e acreditarlo na Área de Educación, mediante o envío do xustificante de ingreso a dirección de correo electrónico: [educacion@barbadas.es](mailto:educacion@barbadas.es)

De non acreditarse o pago da matrícula no prazo establecido perderase o dereito a praza reservada, que será ocupada polo seguinte solicitante na lista de espera.

O chamamento por lista de espera será mediante chamada telefónica. Considerarase como renuncia e polo tanto anularase a inscrición existente na lista de espera:

- A non aceptación da proposta.
- A non recepción de contestación telefónica nun prazo de 48 horas.
- En calquera caso, a non presentación do xustificante de pago a través do correo electrónico facilitado, nos prazos indicados polo persoal.

As listas definitivas serán publicadas o día 29 de outubro de 2021.

As listas provisionais e definitivas serán publicadas na páxina web do Concello, [www.barbadas.es](http://www.barbadas.es).

### Artigo 7. Lugar de presentación de solicitudes

A solicitude debidamente cumprimentada deberá presentarse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal>
- De forma presencial no rexistro (Casa do Concello, Oficinas A Valenzá)
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.
- As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es))

### Artigo 8. Importe e forma de pago

Para os/as alumnos/as da E.S.O o importe da matrícula será de 20€ por alumno/a e por curso, que se fará efectivo nun único pago.





## Concello de Barbadás Concellería de Educación

Para os/as alumnos/as de bacharelato o importe da matrícula será de 90€ por alumno/a e por curso, que poderá ser abonado:

- En pago único: entre o 22 de outubro e o 28 de outubro.
- En dous prazos:
  - Primeiro pago de 45€ entre o 22 de outubro e o 28 de outubro.
  - Segundo pago de 45€ entre o 10 e o 14 de xaneiro de 2022.

O importe deberá ser satisfeito mediante ingreso bancario no número de conta bancaria que se facilitará no impreso de solicitude.

A devolución do prezo público aboado só será posible por causas debidas á Administración ou debidamente xustificadas polo participante.

### Artigo 9. Horarios e lugar das actividades

O calendario a seguir rexeráse polo calendario escolar marcado para o curso 2021/2022, considerándose lectivos só os días que nel se fixen como tales.

- As clases comezarán o martes día 2 de novembro de 2021 e rematarán o 31 de maio de 2022, no seguinte horario:
- E.S.O
  - Luns de 19:00h – 20:00h.
  - Mércores de 17:45h – 18:45h.
- Bacharelato
  - Martes de 18:00h – 19:00h.
  - Xoves de 18:00h – 19:00h.

As clases terán lugar, nos horarios indicados, nas Instalacións Municipais do Parque da Solaina.

### Artigo 10. Normas de funcionamento

É obrigatoria a asistencia, a acumulación de sete faltas sen xustificar dará lugar á baixa na actividade sen reivindicación algunha de dereito por parte do participante.

Só se permitirán como xustificantes válidos de falta de asistencia:





## **Concello de Barbadás**

### **Concellería de Educación**

- Xustificante médico por enfermidade, cuarentena ou ingreso do alumno ou de familiar co que conviva.
- Ter síntomas compatibles coa covid-19.
- Por asistencia a exames oficiais cuxo horario coincida coa actividade.
- No caso de que o comportamento do/a alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederáse a avisar á familia e a dar o/a de baixa.
- A baixa voluntaria das clases deberá comunicarse o mes anterior o que o/a alumno/a deixe de asistir.
- Os alumnos/as deberán acudir a clase con mascarilla.
- Con motivo da situación actual vinculada a propagación do Covid-19, para acceder a aula de reforzo escolar, de acordo coas recomendacións das autoridades sanitarias, será necesario asinar unha declaración responsable, que se entregará na primeira clase a que acuda, e cumprir as instrucións que na mesma se indican.

**A participación nas actividades suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.**

**O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.**

